

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **14 de febreiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a Ana María Villarino Pardo DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 14 de febreiro de 2019 , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
--	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XANEIRO 2019.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xaneiro de 2019, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

Toma a palabra a presidenta para responder algunhas cuestións formuladas na anterior comisión informativa.

En relación coa pregunta formulada polo Grupo Socialista sobre a presenza en FITUR da Deputación Provincial, pregunta que foi reiterada no Pleno ordinario, informa da presenza da Deputación Provincial na dita feira, asistentes e asuntos tratados.

En relación coa pregunta realizada sobre a creación dunha rede de albergues na provincia, responde que o INORDE está realizando un estudo para analizar a viabilidade da inclusión dos albergues existentes na dita rede.

Respecto á pregunta relativa ao estudo sobre o gas radón nas dependencias provinciais pasa a dar lectura ao informe do 7 de febreiro emitido polo xefe do Gabinete de Prevención de Riscos Laborais e en onde se detalla que concluíron as medicións realizadas durante tres meses nas dependencias provinciais e que o laboratorio do gas radón de Galicia, dependente da Universidade de Santiago, presentará un informe sobre eses análises e unha serie de recomendacións ao longo deste mes.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, reitera a pregunta realizada na comisión anterior sobre o estado no que se encontra a planta de residuos de Xinzo de Limia.

A **presidenta da comisión** indica que este asunto xa foi tratado no último Pleno ordinario e que a situación a día de hoxe é a mesma que se manifestou polo deputado de Cooperación na dita sesión plenaria.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, pregunta, en relación coa Asociación EHTTA Termal que categoría de membros ten a Deputación Provincial nela.

A **presidenta da comisión** contesta que o Concello de Ourense é socio fundador da Asociación e a Deputación Provincial é socia; e que actualmente o presidente da Deputación é o vicepresidente desta Asociación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, insiste en que se lle aclare cal é o papel da Deputación Provincial na dita Asociación xa que á mesma acude nalguna ocasión o presidente, noutras algún vicepresidente e noutras a presidenta da Comisión.

A **presidenta da comisión** contesta que Jorge Pumar asiste en ocasións en representación do Concello, xa que, como indicou, é socio da dita Asociación, e que en representación da Deputación Provincial normalmente acude o propio presidente ou a deputada delegada de termalismo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, indica que tivo coñecemento estes días pola prensa da presentación do libro “Ourense, provincia termal” en Madrid, indica que polas fotos aparecidas na prensa parecía tratarse máis dun acto do Partido Popular que da Deputación Provincial, xa que na dita foto soamente aparecen alcaldes, deputados, senadores e outros cargos do Partido Popular, sinala que hai cargos doutros partidos en concellos cunha gran riqueza termal como pode ser el mesmo como alcalde de Ribadavia ou o alcalde do Carballiño e que nunca son invitados a este tipo de actos, polo que roga que no futuro se teña en conta esta circunstancia e se separen os actos institucionais dos actos políticos.

A **presidenta da comisión** aclara que ao dito acto celebrado en Madrid foron invitados periodistas e outras personalidades da sociedade civil e, por certo, con gran éxito de afluencia, en todo caso indica que queda recollido o dito rogo pero manifesta que na súa opinión se trata dun acto claramente institucional e nada partidista.

E, ás 17.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.